

opusdei.org

Presentación do libro "Santo Rosario" traducido ao galego

Máis dun centenar de persoas
asistiron ao acto de
presentación en Lugo

18-11-2013

O **mércores 30 de outubro ás 20.00 h.** tivo lugar na **Aula Sociocultural Novacaixagalicia de Lugo** (Praza Santa María s/n) o acto de presentación da edición en galego de “***Santo Rosario***”, de san Josemaría

Escrivá, fundador do Opus Dei,
editado por Follas Novas. No acto
interviron:

- D. Luciano Armas. *Deán da Catedral. Traduciu “ Vía Crucis ”.*
- Araceli Filgueira. *Autora da tradución.*
- Rafael Silva. *Editor de Follas Novas.*

Tras *Camiño* (1968 e 1991) e *Vía Crucis* (2006) editados por *Edicións Rialp*, é agora a ***Librería-Editorial Follas Novas/Follas Novas Edicións*** de Santiago de Compostela a que editou *Santo Rosario* en galego.

O tamaño do libro é de 16,50 cm. por 12 cm. e ten 86 páxinas. A tradución foi realizada por Araceli Filgueira Igrexas (Lugo, 1939). Filgueira conta cunha dilatada experiencia na redacción de libros para estudo do galego e na dirección de bibliotecas. A obra leva na portada un debuxo de

Castelao da *Virxe do Portal* que se conserva no Museo de Pontevedra. Os distintos misterios do Rosario e as Ladaíñas van precedidos por fotografías de imaxes ou cadros de igrexas das catro provincias galegas, como *A Resurrección* da catedral de Lugo ou *A Coroación dá Virxe* da Ribeira Sacra.

San Josemaría escribiu o libro unha mañá de decembro de 1931, despois de celebrar a Eucaristía. Tiña entón 29 anos. Antes de cada un dos misterios, o autor ofrece unhas reflexións, que facilitan ao lector a contemplación persoal das escenas. Publicouse por primeira vez en 1934. Até 2013, publicáronse máis de cen edicións de *Santo Rosario* e foi traducido a 25 idiomas. Hai versións en gujerati (India), quechua (zona andina de América do Sur), swahili (África oriental) ou tagalog (Filipinas).

Como é sabido, Escrivá estivo en Galicia en diversas ocasións. A primeira delas foi para gañar o Xubileu do Ano Santo de 1938. A última, en 1961 para entrevistarse en Vigo con D. Leopoldo Eijo e Garay, entón Bispo de Madrid e para asistir a un encontro con universitarios no Colexio Maior La Estila de Santiago.

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/presentacion-do-libro-
santo-rosario-traducido-ao-galego/](https://opusdei.org/gl-es/article/presentacion-do-libro-santo-rosario-traducido-ao-galego/)
(27-03-2025)